

I 370

Aquí vímolos canteiros
da parte de Pontevedra,
coas mauciñas reghañadas
cheos de picar na pedra.

I 369

Non sei que ten o canteiro
non sei que ten que non canta,
anda de arredor da pedra
e a pedra non se levanta,
anda de arredor da pedra
e a pedra non se levanta.

I 376d

Canteiriño canta e pica,
pica na pedra miúda,
pica na muller allea
i outros lle pican na súa.

I 120d

“Costureiriña bonita
onde tes os teus meliendros?”
“No estuxiño da hucha
e no cestiño dos remendos.”

I 451d

Costureira non a quero
tecedeira non ma dan-he,
quero unha labraduriña
que me faga polo pan-he.

-(Ri). Si, si.

-Esto é... “Costureiriña bonita”... Como era?

I 118f

Costureiriña bonita
onde fas a túa cama?
No puleiro das ghaliñas
nunha mandiña de palla.

-“...a cama no río e a augha foima levando”. Como é?

Bandolea, badolea
e vaina bandoleando,
fixen a cama no río
e a augha foima levando.



I 455

A la puerta de un sastre
todas son tiras,
a las de un zapatero
suelas y viras.

-Foi unha finca arriba que tiña unha cancela e levaba un perrinho consigo, e di bérralle o outro:
“Home do can, cerra a cancela!”. Dicendo á cadeliña “Anda, que os altos non son homes e a
cadela non é can, connosco non falará.” (Rin).

-Claro...

-Aí vai outra.

I 444f

Eu ben vin estar o cuco
na cima dun castiñeiro
cunha subela na mau
aprendendo a zapateiro.

-(Rin). Qué bueno!

En la mar se hundió un barco,
en la mar se hundió un barco
y en el barco iba mi suegra.
Por eso los calamares
tienen la tinta tan negra.

Si me caso y tengo sueghra
Si me caso y tengo sueghra
ha de ser con condición:
si al año no se muere
la tiro por el balcón.

-Ala, aí van dúas.

VI 1736

Tiña unha herba na horta,
pasa por riba do valo,
ou te has de casar connigo
ou che hei botalo machado.

-(Rin). Esas trangalladas.

V 133b

Ándate dentes de ghrade
queixadas da miña besta,
nunca venciche batalla
nin tampouco vences esta.

-Anda carai. (Ri).

V 139

Teño unhas cabezadas novas
feitas ao meu parecer-e,
pa lle poñer a ese burro
que non sabe responder-e.



Esta noite fun ó muíño
cun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

VI 2047a

O corazón dunha pulga
e as entrañas dun piollo,
teñen xantar e merenda
e inda se non come todo.

VI 1035b

Rapaza se vas á herba
cerra ben a carrilleira,
que hai un toro bravo
que quere entrar na túa pradeira.

-A “Rapaza” como se cantaba?

Rapaza se vas á herba
cerra ben a carrilleira,
que hai un toro moi bravo
que quere ir á túa pradeira.

-Y el tono?

Rapaza se vas á herba
cerra ben a carrilleira,
que hai un toro moi bavo
quere ir á túa pradeira.

-Ai, espera.

-Como era?

Eu pedinllo a unha nena
na revolta da Carqueixa,
eu pedinllo i ela doumo,
eu dela non teño queixa.

-(Rin). Home claro!

VI 1099

Como es tan bonitiña
mereces calquera cousa,
heiche de dar un bo peixe
pa que esteas trouxa trouxa.

VI 1066

Non che recorda, miña rapaza
quen che botaba o brazo por riba?
E ti pasándome as maus pola cara
i escarallándonos todos á risa.

-(Rin). “Non che recordo” ou como era?

Non che recorda, miña rapaza
quen che botaba o brazo por riba?
E ti pasándome as maus pola cara
i escarallándonos todos á risa.



-...se vén outra, outra á memoria. Outra aunque sea...

El neghro zumbón
cantando alegre vai-ón

Aí viene el negro zumbón
cos pantalós de maión
... y la zambomba...

-Non me acordo, e mira...

Só naquel outeiro
hai un niño cun lagharteiro.

-Como era? Xa non me acorda o resto tampouco.

-“Alá arriba...”

-“naquel ou...”

Rapaz, rapaz,
e ti que diablo fas?

-Non me acordo xa.

-E como era?

- Non me acordo.

-“Moucho...”?

VI 1949

Moucho que estás no penedo
telo de cartón
telo de cartón
non che teño medo.

-E como se cantaba?

-Non me acordo.

Moucho que estás no penedo
telo de cartón
telo de cartón
non che teño medo.
Rapaz, rapaz,
e ti que diablo fas?

-Pero despois seghía e... non me acordo.

-Claro, non lle volve.

-Non me acordo, non me...

-Vale.